

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE NOVE DE OUTUBRO DE 2017.
EXPTE. 5596/2017.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA.
D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, ás 13:30 do 9 de outubro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros e Interventor por delegación relacionados anteriormente, actuando como Secretario Accidental, D. José Vivero Russo, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia ao acto os concelleiros D^a María Isabel Rodríguez López, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega e D. Emilio Villarrea Méndez.

Á hora sinalada para o acto, pola Sra. Alcaldesa declárase aberto.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O 02-10-17.

Non existindo ningunha obxección ó respecto, procédese á aprobación da acta da sesión de 2 de outubro de 2017.

2.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

EXPTE. 5537/2017.- AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D. José Ramón Torres Chao, e con domicilio en Valdeflores, núm. 27, en Viveiro.

Visto o informe da Traballadora Social no que se propón conceder a devandita axuda ó solicitante, de acordo cos seguintes datos:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 200 % < 250% IPREM
Aportación económica:	40%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	60%
Duración do servizo:	4 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso á lista de agarda:	Paso a lista de agarda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. José Ramón Torres Chao o servizo de axuda no fogar solicitado, de acordo co previsto no informe da Traballadora Social, pasando á lista de agarda.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais ós efectos oportunos e de traslado ó interesado.

EXPTE. 5538/2017.- AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. Antonia Guerreiro Dorado, e con domicilio en Montalbán núm. 14, 27869 Vieiro-Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 150 % < 200% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Anual.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. Antonia Guerreiro Dorado, coas características especificadas no informe da traballadora social,

con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

3.- LICENZAS URBANISTICAS.

EXPTE. 3801/2017.- LICENZAS DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada pola entidade mercantil "OPERGESTIÓN S.A.", para realizar as obras interiores de adecuación do local sito en Avda. de Galicia núm. 13 baixo, en Viveiro, para a implantación dun salón de xogo con servizo de cafetería.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proyecto denominado "*proyecto de acondicionamiento interior de local destinado a salón de juego*", asinado polos técnicos, don Pablo Pérez Villar, enxeñeiro técnico industrial e don Lino García Beiro, arquitecto técnico. A devandita documentación presentaa tamén en formato CDS.
- Declaración responsable asinada polo promotor e os técnicos responsables do proxecto.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

Requiríuse á mercantil a subsanación da documentación técnica aportada, a fin de que acredítase Certificado Acústico favorable realizado por empresa homologada, en cumprimento do artigo 11 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia. En contestación a dito requerimento manifestase, de forma expresa e asinada, o compromiso de facer entrega de dita documentación, unha vez rematadas as obras e previo ó inicio da actividade.

Visto o informe emitido, o 30 de xuño de 2017, pola arquitecto técnico da oficina de rehabilitación do casco antigo, favorable á solicitude de licenza, e conformado polo arquitecto municipal na mesma data. As actuacións a executar descríbense no informe técnico do seguinte xeito: "*adecuación interior de local destinado a salón de xogo, proxecto asinado polos técnicos Pablo Pérez Villar e Lino García Beiro*". A conclusión de dito informe, atendendo á normativa aplicable, emítase favorable, coa condición de que "*os rótulos comerciais deberán ser de chapa metálica lacada negra; o rótulo en banderola deberá estar a 2,30 m. da rasante da rúa*".

O informe da arquitecto técnico da oficina de rehabilitación, asinado o 30 de xuño de 2017, literalmente transcrito, di:

"INFORME LICENZA DE OBRA NO Nº 13 BAIXO DA AVDA. DE GALICIA

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

EXPTE: 3801/2017

SOLICITANTE: OPERGESTION S.A.

REF. CATASTRAL: 3354609PJ1335N0001LQ

1. NORMATIVA APLICABLE:

- Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Viveiro (en diante P.E.P.R.I)
- Ordenación Urbanística Provisional, Decreto 102/2006, (en diante OUP). A ordenación provisional estará vixente no Concello de Viveiro con carácter transitorio ata a entrada en vigor do novo plan xeral de ordenación municipal.

2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:

2.1.- Clasificación e cualificación do solo.- A clasificación do solo é urbano consolidado.

2.2.- Descrición da parcela.- O local comercial donde se pretende realizar as obras está situada no nº 13-baixo da Avda. De Galicia, no Casco Histórico de Viveiro.

2.3.- Descrición das obras a realizar.- Adecuación interior de local destinado a salón de xogo. Proxecto asinado polos técnicos Pablo Pérez Villar e Lino García Beiro.

2.4.- Cumplimento da normativa urbanística.- Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística.

2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicable.- Cumpre coa normativa técnica aplicable.

2.6.- Orzamento.- O orzamento de execución material segundo o orzamento presentado coa solicitude de licenzia de obra ascende a cantidade de 42.985,87€.

Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

2.7.- Varios.- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licenzia así como para a instalación de andamiaxe.

3. CONCLUSIÓNS:

Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicable emítese **INFORME FAVORABLE**, coas CONDICIÓNNS que se expoñen de seguido:

- Os rótulos comerciais deberán ser de chapa metálica lacada negra, o rótulo en banderola deberá estar a 2,30 m. da rasante da rúa.

Salvo criterio mellor fundado e erro ou omisión, informo aos efectos oportunos."

Visto o informe técnico, de 30 de agosto de 2017, emitido pola arquitecto técnico da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, sobre a compatibilidade da implantación dun establecemento destinado a salón de xogo na Avenida de Galicia nº13 coa ordenanza urbanística provisional e a normativa técnica aplicable, no que se conclúe que "a actividade solicitada cumpre coa ordenanza urbanística provisional e a normativa aplicable, nas condicións establecidas anteriormente, sen prexuízo do establecido na Comisión de Xogo de Galicia".

O informe da arquitecto técnico da oficina de rehabilitación, asinado o 30 de agosto de 2017, literalmente transcrito, di:

"Solicitante: "Opergestión, S.A."

Situación: Avenida de Galicia nº13 de Viveiro

Referencia3356409PJ1335N0001LQ

Expediente3801/2017

En relación á solicitude de informe técnico sobre a compatibilidade da actividade solicitada por **“Opergestión S.A.”** para a apertura dun **SALÓN DE XOGO CON SERVIZO DE CAFETERÍA** no baixo ubicado na Avenida de Galicia núm. 13 de Viveiro, Ana Coya Guerrero, Arquitecta Técnica-Enxeñeira de Edificación da Oficina de Rehabilitación de Viveiro **INFORMA:**

1. Trala suspensión das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal e a aprobación do Decreto 102/2006, de 22 de xuño, polo que se suspende as normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento (OUP)⁽¹⁾, a edificación onde se implantará a actividade está regulada pola **ORDENANZA DE SOLO URBANO DO CASCO ANTIGO DE VIVEIRO**. As condicións de edificación e usos están recollidas no Plan Especial e Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI)⁽²⁾, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Viveiro, o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo n.º 233, de 10 de outubro). Os usos permitidos son: residencial, industrial, almacén, **comercial** e dotacional.
2. Que trala revisión do **“Proxecto de acondicionamento interior de local destinado a salón de xogo”**⁽³⁾ a actividade está destinada a **SALÓN DE XOGOS CON SERVIZO DE CAFETERÍA** e se describe a instalación de maquinaria susceptible de xerar ruidos e/ou vibracións tales como máquinas de xogo con o sen premio, televisions, cafeteira, molinillo, etc. En cumprimento do **artigo 11, apartado 3 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia, o solicitante deberá entregar antes do inicio da actividade un certificado acústico favorable, emitido por empresa homologada, onde se xustifique o cumprimento do artigo 12 de tal decreto.**
3. A actividade solicitada está incluída no **Decreto 160/2005, do 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia** (apartado 2.5).
4. Ase mesmo, a actividade está incluída na **Orde do 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia**, sendo o horario máximo de peche as 2.00 horas (salóns de xogo de máquinas de azar, tipo A, A especial e tipo B)⁽⁴⁾.
5. Que o desenvolvemento da actividade non xenera ningún tipo de emisións ou vertidos que deberan ser tratados antes de ser expulsados á atmósfera ou vertidos á rede de saneamento municipal. Ase mesmo, non se xenera ningún tipo de residuo perigoso que deba ser xestionado por empresas especializadas.
6. Que **NON** é necesario tramitar o procedemento de incidencia ambiental, debido a que a actividade a desenvolver non se atopa dentro dos supostos recollidos no Anexo **“Catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental” da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.**

CONCLUSIÓN: Por todo o exposto anteriormente, a actividade solicitada cumpre coa ordenanza urbanística provisional e a normativa aplicable, nas condicións establecidas anteriormente, sen prexuízo do establecido pola Comisión do Xogo de Galicia.

(1) Modificada puntualmente polo Decreto 89/2010, de 3 de xuño, polo que se modifica a ordenación provisional aprobada a no Decreto 102/2006, de 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.

(2) Modificada puntualmente en datas 31 de xullo de 2003 e 9 de setembro de 2003.

(3) Asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo Pérez Villar e polo arquitecto técnico Lino

García Beiro de Gabeiro Proyectos e Estudios S.L.U.

(4) "Máquinas de xogo con ou sen premio": Descrito no apartado 5.1.2.2 do "Proxecto de acondicionamento interior de local destinado a salón de xogo".

Salvo criterio mellor fundado, erro ou omisión, informo aos efectos oportunos."

Visto que a técnico xurídico municipal, no seu informe de 29 de setembro de 2017, sinala o seguinte:

- Que os artigos 142.2, letra b) LSG e 351.1, Letra b), do RLGS, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes, de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos. O inmovble de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.
- Que de conformidade co disposto nos artigos 143 da LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, e non poderán outorgarse ata que sexan esixibles nos termos da lexislación sectorial vixente. Non resultan precisas autorizacións e/ou informes sectoriais, segundo se deduce do informe dos servizos técnicos que constan no expediente. O informe dos servizos técnicos municipais constata a adecuación do acto pretendido á lexislación e ó planeamento urbanísticos, en concreto ó contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento e ó PEPRI do casco antigo de Viveiro.

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo á súa resolución pola Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución de 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, con base á proposta de resolución da técnico dos servizos xurídicos do Concello, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder á entidade mercantil "OPENGESTIÓN S.A.", licenza municipal para realizar as obras de adecuación interior do local sito na Avenida de Galicia n.º 13, baixo, de referencia catastral 3356409PJ1335N0001LQ, de acordo co documento técnico denominado "Proxecto de acondicionamento interior de local destinado a salón de

xogo", asinado polos técnicos, D. Pablo Pérez Villar, enxeñeiro técnico industrial e D. Lino García Beiro, arquitecto técnico, no mes de maio do ano en curso.

Segundo .- As condicións particulares ás que está suxeita a licenza son as seguintes:

- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza, así como para a instalación de andamiaxe.
- Os rótulos comerciais deberán ser de chapa metálica lacada negra; o rótulo en banderola deberá estar a 2.30 m. da rasante da rúa.
- Unha vez rematadas as obras e previo ao inicio da actividade, deberase entregar o Certificado Acústico favorable, emitido por empresa homologada, onde se xustifique o cumprimento do artigo 12 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia.

Terceiro .- Condicións xerais da licenza

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos. Ditos prazos computaranse desde o día seguinte ó da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos de licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ó inicialmente acordado. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ó interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunta á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ó Departamento de Urbanismo para a súa notificación ós interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 3562/2017 .- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de obra presentada por D. Ramón Romeo Palmeiro para a substitución de parte dun forxado, substitución parcial de carpintería exterior e obras menores no interior, consistentes en enfoscado e pintado do inmovible sito en Igrexa 7, parroquia de Galdo, en Viveiro, referencia catastral nº000701400PJ13A0001BB, previa tramitación de informe do órgano competente en materia de protección do patrimonio por atoparse o inmovible no ámbito de protección da Igrexa parroquial de Santa María de Galdo. Achégase proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto, D. Ramón Blas Tojo Ferrero, colexiado 2107. Visado polo COAG en data 27 de marzo de 2017.

Tramitada a solicitude de informe en materia de protección do patrimonio (expediente 2813/2017), o 2 de xuño de 2017, tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Viveiro a resolución de 30 de maio de 2017, da xefa do Servizo de coordinación da área cultural, ditada por delegación da Directora xeral de patrimonio cultural, autorizando o solicitado co cumprimento das condicións establecidas en dita resolución.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal e o informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio Histórico Galego de Lugo.

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo segundo a OUP é **solo de núcleo rural**. Ordenanza de aplicación 7. A parcela corresponde coa referencia catastral n.º 000701400PJ13A0001BB, sita no Lg Igrexa - Parroquia de Galdo 7, en Viveiro. Preséntase un proxecto básico e de execución de **substitución parcial dun forxado en vivenda unifamiliar existente**, tamén se inclúe a substitución parcial da carpintería exterior e as obras de pintado e enfoscado interiores. As modificacións propostas adecúanse ó contorno donde se atopa, atendendo á súa forma e materiais empregados, incorporando solucións actuais integradas no conxunto.

Respecto ó cumprimento da normativa urbanística, sinálase que a solicitude presentada conta con autorización autonómica por tratarse de obra en solo rústico.

Afeccións:

Presenta resolución de autorización da **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural**, por atoparse no contorno de protección da Igrexa Parroquial de Santa María de Galdo, con data 30 de maio de 2017, no que se establecen as seguintes obrigas:

1. A carpintería exterior en madeira terá despece tradicional e rematarase pintada con tratamento de poro aberto, nunha cor tradicional no contorno.
2. As ventás balcaneiras colocaranse a faces exteriores. Polo que as varandas colocaranse de cara ó interior.
3. As ventás non poderán levar persianas. No seu lugar colocaranse contraventás en madeira co mesmo acabado que as ventás.
4. As fachadas de mamostería de taco de lousa dererán rematarse recibadas con

morteiro de cal e pintadas con pintura ó silicato ou á cal. Todas as fachadas da vivenda deberán estar pintadas na mesma cor clara.

O arquitecto, D. Ramón Blas Tojo Ferrero, fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel. Respecto ó orzamento, o informe técnico sinala que o orzamento de execución material segundo o proxecto presentado ascende a cantidade de **13.445,37 €**. Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas, con obxecto de comprobar as obras realizadas. Establécese o condicionamento de que, de ser necesaria a ocupación do espazo público, deberase solicitar a preceptiva autorización. Extremaranse as medidas de seguridade, sinalización e de protección na vía pública.

Visto o informe xurídico favorable, de 2 de outubro de 2017, emitido polos servizos xurídicos do Concello, que sinala o seguinte:

De conformidade co disposto no artigo 142.2 letra b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, LSG, as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos, estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia sitúase no contorno de protección da igrexa parroquial de Santa María de Galdo, ben recollido no inventario das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento da Provincia de Lugo, aprobadas pola Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 3 de abril de 1991 e, polo tanto, no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia en virtude do artigo 30.1 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia. O seu contorno de protección establécese segundo o artigo 38 da citada lei.

Conforme ó disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral, na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que no punto 7 do anexo regula a ordenanza do solo de núcleo rural. De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorábel dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable.

O inmovible sobre o que se pretende actuar atópase no contorno de protección da igrexa parroquial de Santa María de Galdo, que ten a cosideración de monumento (elemento declarado BIC), polo que, de conformidade co disposto no punto 11 do Anexo do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, as actuacións urbanísticas dentro das áreas de protección definidas nas letras a), b) e c) precisarán do informe previo da Comisión Provincial de Patrimonio, que terá carácter vinculante, segundo se indica no apartado segundo de antecedentes, consta no expediente informe favorable nesta materia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, con base aos antecedentes obrantes no expediente e con base á proposta de resolución emitida polos servizos xurídicos do Concello, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. Ramón Romeo Palmeiro licenza municipal para a substitución parcial dun forxado, substitución parcial da carpintería exterior e as obras de pintado e enfoscado interiores, no inmovible sito no lugar da Igrexa núm. 7, Galdo, referencia catastral n.º 000701400PJ13A0001BB, de acordo co proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Ramón Blas Tojo Ferrero, visado polo COAG en data 27 de marzo de 2017, e coa obriga de cumprimento das seguintes condicións, establecidas na resolución

de 30 de maio de 2017 da Xefa do servizo de coordinación da área cultural (por delegación da Directora xeral de patrimonio cultural):

- A carpintería exterior en madeira terá despece tradicional e rematarase pintada con tratamento de poro aberto nunha cor tradicional no contorno.
- As ventás e ventás balcaneiras colocaranse a faces exteriores. Polo que as varandas colocaranse de cara ó interior.
- As ventás non poderán levar persianas. No seu lugar colocaranse contraventás en madeira co mesmo acabado que as ventás.
- As fachadas de mampostería de taco de lousa deberán rematarse recibadas con morteiro de cal e pintadas con pintura ó silicato ou á cal. Todas as fachadas da vivenda deberán estar pintadas na mesma cor clara.

Segundo.- As condicións particulares ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza, así como para a instalación de andamiaxe. Extremaranse as medidas de seguridade, sinalización e de protección na vía pública.
- Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- Condicións xerais da licenza:

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos. Ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento de licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos de licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ó inicialmente acordado. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ó interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os

titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ó Departamento de Urbanismo para a súa notificación ós interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 2784/2017.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. Begoña Izquierdo Bueno e D. José Manuel Rivas Castro, para executar obras de substitución de cuberta no inmovible sito en Atalaia núm. 35 de Celeiro, en Viveiro, de referencia catastral núm. 3475403PJ1337N0002MD.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- En formato CD Proxecto básico e de execución para substitución de cuberta, redactado polo arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy, COAG 1713.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

Analizada a documentación presentada polo arquitecto municipal, requíriuse ós solicitantes a fin de completala coa seguinte documentación: Incluir na memoria urbanística a xustificación do cumprimento da Ordenanza ABC (Aproveitamento Baixo Cuberta). Dita documentación tivo entrada no rexistro xeral en data 27 de xuño de 2017.

Visto o informe técnico favorable do arquitecto municipal, emitido o 28 de xullo de 2017, no que se sinala o seguinte:

A clasificación do solo segundo a OUP é **solo urbano de media densidade**. Ordenanza 1.5. A parcela corresponde coa referencia catastral nº3475403PJ1337N0002MD, sita en Atalaya, 35, Celeiro, en Viveiro. Respecto as obras a realizar preséntase un proxecto básico e de execución para a **substitución de cuberta en vivenda unifamiliar entre medianeiras**. As propostas adecúanse ó contorno donde se atopa, atendendo á súa forma e materiais empregados, incorporando solucións actuais.

Respecto ó cumprimento da normativa urbanística no informe sinálase o seguinte:

Ordenanza 1.5, g) [OUP].

Xustificación do cumprimento da modificación puntual da normativa urbanística nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, Aprovechamiento Bajo Cubierta, [ABC].

	Proxecto	OUP
Alturas	B+II	B+II
Altura de cornixa	8,93 m.	11,00 m.
Fondo máximo	6,65 m.	18,00 m
Pendente de cuberta máx.	45 º	45 º
Altura cumieira máx.	3,26	4,75 m.

Segundo consta no proxecto os servizos urbanísticos están garantidos, e as acometidas á rede eléctrica, de auga e de tratamento das augas residuais realizadas.

Respecto ao cumprimento da normativa técnica aplicabel, o arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.

Respecto do orzamento de execución material, o informe técnico do arquitecto municipal sinala que, segundo o proxecto presentado, ascende a cantidade de **14.259,00 €**. Conforme,

sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

Establécese unha fianza de **600,00 €** en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

Establécese a condición de que de ser necesario a ocupación da vía pública deberase solicitar a preceptiva autorización. Extremaranse as medidas de seguridade, sinalización e de protección na vía pública.

Visto o informe xurídico favorable, de 2 de outubro de 2017, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala o seguinte:

De conformidade co disposto nos artigos 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan esixibles nos termos da lexislación vixente. Non resultan precisas autorizacións e/ou informes sectoriais, segundo se deduce do informe dos servizos técnicos que constan no expediente.

O informe técnico pon de manifesto que no proxecto os servizos urbanísticos están garantidos, e as acometidas á rede eléctrica, de auga e de tratamento de augas residuais realizadas.

O informe dos servizos técnicos municipais constata a adecuación do acto pretendido á lexislación e ó planeamento urbanístico. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da LSG declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que no punto 1.5 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano de media densidade. Dito Decreto foi modificado polo Decreto 89/2010 que modificou, entre outros, o artigo 1.5.2 g) que dispón en relación coas cubertas se manteña en vigor o establecido na modificación puntual da normativa urbanística das normas subsidiarias de planeamento municipal, ABC, (aproveitamento baixo cuberta).

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme á ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución de 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, con base ós antecedentes obrantes no expediente e con base á proposta de resolución emitida emitida polos servizos xurídicos do Concello, acorda:

Primeiro.- Conceder a D^a. Begoña Izquierdo Bueno e D. José Manuel Rivas Castro, licenza municipal para obras de substitución da cuberta na vivenda unifamiliar entre medianeiras, sita en Atalaia núm. 35-Celeiro, en Viveiro, con referencia catastral nº3475403PJ1337N0002MD, de acordo co proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy. COAG 1713.

Segundo.- As condicións particulares ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- Establecese unha fianza de 600,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.
- De ser necesaria a ocupación da vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza, así como para a instalación de andamiaxe.
- Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- Condicións xerais da licenza:

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder dos seis meses, e o de terminación dos tres anos. Ditos prazos computaranse desde o día seguinte ó da notificación do autorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ó inicialmente acordado. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ó interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ó Departamento de Urbanismo para a súa notificación ós interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal respecto á obriga de constitución da fianza de 600 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

EXPTE. 4424/2017.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Amando García Pena para o pintado da fachada do inmovible sito na rúa Almirante Chicarro núm. 40 en Viveiro, referencia catastral n.º 3353965PJ1335S0002XP, previa tramitación de informe do órgano competente en materia de protección do patrimonio, por atoparse o inmovible na área de protección de 50 mts. da Porta da Vila (BIC).

Coa solicitude de licenza achega a seguinte documentación:

- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

Tramitada a solicitude de informe na materia de protección do patrimonio (expediente 3987/2017), o 18 de xullo de 2017 tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Viveiro a resolución de data 14 de xullo de 2017 da Xefa do servizo de coordinación da área cultural, ditada por delegación da Directora xeral de patrimonio cultural, autorizando a actuación proposta co cumprimento do condicionante do informe técnico municipal.

Visto o informe técnico favorable emitido, o 28 de xullo de 2017, pola apareladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal, no que se sinala o seguinte:

A clasificación do solo é urbano consolidado (punto 2.1). A parcela corresponde coa referencia catastral 3353965PJ1335S0002XP, sita no nº 40 da rúa Almirante Chicarro, no Casco Histórico de Viveiro (punto 2.2). As obras a realizar son pintado de fachada en cor beixe. Indicar que a edificación ten na súa planta baixa un acabamento que non está permitido na normativa municipal, polo que deberá substituírse por recebado e pintado ó igual que o resto do edificio (punto 2.3). Respecto ó cumprimento da normativa urbanística, sinalase que, segundo a solicitude presentada, a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística aplicable e coa normativa técnica aplicable (puntos 2.4 e 2.5).

No citado informe establécense os seguintes condicionamentos (punto 2.7):

1. De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar, deberase solicitar a preceptiva licenza, así como para a instalación de andamiaxe.
2. Remítase expediente a Patrimonio para o seu informe previo debido, a que a edificación está na área de protección dos 50 mts. da Porta da Vila (BIC). Con data 19 de xullo de 2017 emite informe favorable nos termos que a continuación se sinalan: autorizar o solicitado co cumprimento do condicionante do informe técnico municipal.
3. Deberase executar as obras descritas no punto 2.3 do informe, xa que así o inmovible quedaría en ornato e adaptado ás características do contorno do ben protexido.
4. A cor beixe a utilizar deberá ser supervisada pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo o 3 de outubro de 2017, que sinala o seguinte:

De conformidade co disposto no artigo 142.2, letra b), da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG), as intervencións en inmovibles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou

paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgáranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanístico. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2016, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo, regula a ordenanza de solo urbano na zona antiga de Viveiro, de aplicación ós terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI. De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, a actuación proposta cumpre coas previsións da ordenanza aplicable.

O inmovible sobre o que se pretende actuar atópase no contorno de protección da Porta da Vila, que ten a consideración de monumento (elemento declarado BIC), polo que, de conformidade co disposto no punto 11 do Anexo do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, as actuacións urbanísticas dentro das áreas de protección definidas nas letras a), b) e c) precisarán do informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio, que terá carácter vinculante, segundo se indica no apartado segundo de antecedentes. Consta no expediente o informe favorable nesta materia, co cumprimento do condicionante do informe técnico municipal.

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto o que antecede, o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcajía mediante Resolución de 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, con base ós antecedentes que constan no expediente e con base á proposta de resolución emitida polos servizos xurídicos do Concello, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. Amando García Pena, licenza municipal para a obra de pintado de fachada no inmovible sito en Almirante Chicarro, 40, Viveiro, referencia catastral n.º 3353965PJ1335S0002XP, de acordo cos informes técnicos emitidos no presente expediente, e coas condicións que neles figuran:

- Deberanse executar as obras descritas no punto 2.3 do informe

técnico emitido no expediente, que, transcrito literalmente, di:
“Pintado de fachada en cor beixe. Indicar que a edificación ten na súa planta baixa un acabado que non está permitido na normativa municipal, polo que deberá substituírse por recebado e pintado ao igual que o resto do edificio.”

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ó cumprimento das seguintes condicións particulares:

- A cor beixe a utilizar deberá ser supervisada pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico.
- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar, deberase solicitar a preceptiva licenza, así como para a instalación de andamiaxe.

Terceiro.-.- Condicións xerais da licenza

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder dos seis meses, e o de terminación dos tres anos. Ditos prazos computaranse desde o día seguinte ó da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interrromperse por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ó inicialmente acordado. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ó interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ó Departamento de Urbanismo para a súa notificación ós interesados, con expresión dos recursos que procedan.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

EXPTE. 42/2016.- PRÓRROGA DE CONTRATO.

Visto o escrito presentado por D^a. Encarnación Santos Freire, con rexistro de entrada municipal núm. 4989, de 3 de agosto de 2017, solicitando prórroga

do contrato asinado o 14 de outubro de 2016, denominado “*Aluguer dunha nave para almacén municipal do Concello de Viveiro*”.

Visto o informe de 2 de outubro de 2017, relativo ó asunto, emitido polo Servizo de Contratación municipal, que, literalmente transcrito, di:

“(…)

1. *O Servizo de Contratación municipal tramitou procedemento de contratación con referencia CT 7/2017 (expediente gestiona 42/2016) para aluguer dunha nave que servira de almacén municipal.*
2. *A Xunta de Goberno Local, en sesión de 6 de outubro de 2016, vistos os antecedentes do expediente, adxudicou o contrato a dona Encarnación Santos Freire, con DNI núm. 33.672.230-T, para aluguer dunha nave da súa propiedade, sita na rúa Lavandeiras de Celeiro, polo prazo dun ano, e por un importe total, IVE incluído, de 1.100 €, formalizándose o contrato o 14 de outubro de 2016.*
3. *A cláusula 3 do contrato, que regula a duración do contrato e, no su caso, a prórroga contractual, establece un prazo inicial de contrato dun ano, comprendido entre o 15 de outubro de 2016 e o 14 de outubro de 2017, contemplando a posibilidade dunha prórroga contractual comprendida desde o 15 de outubro de 2017 ata o 14 de outubro de 2018. O período total de vixencia do contrato non poderá exceder en ningún caso do límite de dous anos.*
4. *Consta no expediente desta prórroga contractual documento “AD” (“Autorización e disposición de Gasto”), asinado o 1 de outubro de 2017, no que se acredita que para o presente exercizo de 2017 existe disposición de gasto para o devandito contrato, cun importe total anual de 13.200,00 €.*
5. *Non consta no Servizo de Contratación municipal queixa algunha en relación ao contrato de referencia, nin se tramitou por este Departamento requirimento algún á contratista.*

Xúntase a este informe os seguinte documentos:

- 1) *Escrito presentado por dona Encarnación Santos Freire, solicitando a prórroga contractual.*
- 2) *Documento “AD” de autorización e disposición de gasto.*
- 3) *Detalle das operación de gastos do devandito contrato.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, con base ao informe emitido polo Servizo de Contratación municipal de 2 de outubro de 2017, acorda:

Primeiro.- Prorrogar o contrato denominado “*Aluguer dunha nave para almacén municipal do Concello de Viveiro*” (Expte. CT 7/2017) polo prazo dun ano, comprendido desde o 15 de outubro de 2017 ata o 14 de outubro de 2018.

Segundo. Dar conta do referido acordo á Intervención municipal, así como ó Servizo de Contratación, para a súa notificación á adxudicataria do contrato, dona Encarnación Santos Freire.

6.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 5663/2017.-

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas referente ao expediente 5663/2017.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do Concelleiro de Facenda referente ó expediente 5663/2017.

Segundo. Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

7. - PROPOSTAS DE GASTOS.

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 5029/2017.- EXPTE. 5402/2017.- EXPTE. 5405/2017.- EXPTE. 5407/2017.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ó Departamento de Intervención e ós concelleiros propoñentes das propostas de gasto aprobadas.

8.- ANTICIPO DE SUBVENCIÓN.

EXPTE. 5668/2017.- XUNTA DE COFRADÍAS DA SEMANA SANTA.

Vista a Proposta da Alcaldía, de 5 de outubro de 2017, na que se sinala o seguinte:

a) Que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de 18 de setembro de 2017, aprobouse o Convenio de colaboración coa asociación "Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro", de vixencia durante o ano 2017. Na cláusula primeira dese Convenio indicase que "O Concello de Viveiro aportará á entidade "Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro" a cantidade de 25.000,00 € para o exercicio 2017 como subvención. (...) Non entanto, poderase anticipar ata un 90%, sen necesidade de xustificación previa do gasto, e sen constituir ningún tipo de garantía. Isto é así, pola necesidade de afrontar gastos diversos (organizacións, publicacións, montaxe, bandas, exposicións, etc.), previos á celebración do evento."

b) Que en data 28 de setembro de 2017 recíbese solicitude no Rexistro Xeral, co núm. 2017-E-RC-6080, de abono de anticipo del 90% (22.500,00 euros), correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro.

Visto o informe favorable de Intervención, de 5 de outubro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o anticipo do 90% da subvención concedida á asociación "Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro", por importe de 22.500,00 €, con dispensa de garantía, con cargo á aplicación 3340-48905 (Subvención Xunta de Cofradías).

Segundo.- Notificar o presente acordo á referida asociación, indicándolle que antes do pagamento deberá acreditar atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Xestión Tributaria, ós efectos do acordado no punto segundo, e ós Departamentos de Intervención e Tesourería para a seu coñecemento.

EXPTE. 5665/2017. BANDA DE MÚSICA O LANDRO.

Vista a Proposta da Alcaldía, de 5 de outubro de 2017, na que se sinala o seguinte:

a) Que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de 18 de setembro de 2017, aprobouse o Convenio de colaboración coa asociación

“Banda de Música O Landro de Viveiro”, de vixencia durante o ano 2017. No punto quinto dese convenio indícase que “O Concello de Viveiro comprométese a subvencionar as actividades con 25.000 euros, con cargo a partida orzamentaria 3340-48901. Non entanto, poderase anticipar ata un 90%, sen necesidade de xustificación previa do gasto, e sen constituir ningún tipo de garantía.”

b) Que en data 28 de setembro de 2017 recíbese solicitude no Rexistro Xeral, co núm. 2017-E-RC-6073, de abono de anticipo del 90% (22.500,00 €) correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a asociación.

Visto o informe favorable de Intervención, de 5 de outubro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o anticipo do 90% da subvención concedida á asociación *“Banda de Música O Landro de Viveiro”, por importe de 22.500,00 €, con dispensa de garantía, con cargo á aplicación 3340-48901 (Banda de Música O Landro de Viveiro).*

Segundo.- Notificar o presente acordo á referida asociación, indicándolle que antes do pagamento deberá acreditar atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Xestión Tributaria, ós efectos do acordado no punto segundo, e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para a seu coñecemento.

EXPTE. 5671/2017.- VIVEIRO, C.F.

Vista a Proposta do Concelleiro de Deportes, de 5 de outubro de 2017, na que se sinala o seguinte:

a) Que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de 2 de outubro de 2017, aprobase un Convenio de colaboración coa asociación *“Viveiro, C.F.”*, de vixencia durante o ano 2017. Nos antecedentes e na cláusula primeira do devandito convenio indícase que *“O Concello de Viveiro, para darlle continuidade á liña de colaboración que vimos mantendo, concederá unha subvención con cargo á aplicación orzamentaria 3400.48910. (...). O Concello de Viveiro aportará á asociación deportiva “Viveiro C.F.” a cantidade de 20.000 € en concepto de subvención municipal para o desenvolvemento da súa actividade durante o ano 2017. Da citada cantidade aprobada, poderá ser adiantada mediante anticipo o 90%, con dispensa de garantía (...). Isto é así, pola necesidade de afrontar gastos dende o principio da tempada (...)”*

b) Que en data 3 de outubro de 2017 recíbese solicitude no Rexistro Xeral, co núm. 2017-E-RC-6188, de abono de anticipo del 90% (18.000,00 euros) correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e Viveiro C.F.

Visto o informe favorable de Intervención, de 5 de outubro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o anticipo del 90% da subvención concedida á entidade "Viveiro C.F.", por importe de 18.000,00 euros, con dispensa de garantía, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións deportes nominativas).

Segundo.- Notificar o presente acordo á referida asociación, indicándolle que antes do pagamento deberá acreditar atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Xestión Tributaria, ós efectos do acordado no punto segundo, e ós Departamentos de Intervención e Tesourería para a seu coñecemento.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produce ningunha intervención.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as catorce horas e dez minutos do 9 de outubro de 2017, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretario accidental, dou fe.